

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**1231** *Real decreto 20/2013, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto.*

O artigo 40 do Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, establece que as cruces do mérito militar, do mérito naval e do mérito aeronáutico, con distintivo amarelo, se concederán por accións, feitos ou servizos que entrañen grave risco e nos casos de lesións graves ou falecemento, como consecuencia de actos de servizo, sempre que impliquen unha conduta meritória.

O artigo 41 do citado regulamento, pola súa parte, determina as accións, feitos ou servizos recompensables, excluídos aqueles a que corresponda a concesión das cruces do mérito militar, do mérito naval ou do mérito aeronáutico, con distintivo vermello ou azul, que deberán fundamentar a concesión das citadas medallas con distintivo amarelo.

Tendo en conta a experiencia adquirida desde a entrada en vigor do Regulamento xeral de recompensas militares, e ante a obriga moral de que as Forzas Armadas recompensen dalgunha forma o ferido ou a familia do falecido en acto de servizo, sexa nun teatro de operacións no estranxeiro ou no territorio nacional, como unha forma de ofrecer consolo e recoñecer que o acto realizado tivo unha transcendencia digna de recoñecemento, o xefe de Estado Maior da Defensa, seguindo un acordo do Consello de Xefes de Estado Maior de abril de 2010, acordou iniciar os trámites para a modificación do Regulamento xeral de recompensas militares en relación coas propostas de concesión de cruces do mérito militar, naval ou aeronáutico con distintivo amarelo, para incluír expresamente, mediante a modificación dos artigos 40 e 41, o suposto en que se produza falecemento ou lesións graves en acto de servizo, con perda de aptitude psicofísica do afectado para o servizo, sen ter contribuído, por imprudencia, desobediencia ou outras circunstancias, a este resultado.

Por outra parte, e tendo en conta que as operacións que realizan as nosas Forzas Armadas son de carácter conxunto e nas accións de combate que se producen, nalgúns casos, participan militares de máis dun exército, parece razoable que a actuación dos nosos militares en operacións sexa valorada por unha mesma norma, no que á acreditación do valor se refire, independentemente do exército de pertenza.

Con tal motivo, apróveitase a actual modificación do Regulamento xeral de recompensas militares para, ante a diversidade de situacións que se presentan no proceso de recoñecemento do valor, autorizar o ministro de Defensa para establecer de forma regulamentaria os feitos, servizos e circunstancias determinantes da declaración do valor nas súas diferentes modalidades e a súa correspondente anotación na folla de servizos, naqueles casos en que esta declaración non derive directamente da concesión dunha recompensa militar.

O proxecto someteuse a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto.*

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 40 do Regulamento xeral de recompensas militares, aprobado polo Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, coa seguinte redacción:

«Tamén poderán ser outorgadas as ditas cruces con distintivo amarelo ás persoas que en acto de servizo ou con ocasión deste falezan ou sufran lesións graves, sen ter contribuído, por imprudencia, desobediencia ou outras circunstancias, a este resultado.»

Dous. Engádese unha nova letra d) ao artigo 41 do Regulamento xeral de recompensas militares, coa seguinte redacción:

«d) Os que produzan en acto de servizo ou con ocasión deste o resultado de morte ou de lesión grave determinante da perda de aptitude psicofísica para o servizo, sen mediar impericia, imprudencia, desobediencia, incumprimento de ordes ou incumprimento de medidas de seguridade.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional, a décimo primeira, ao Regulamento xeral de recompensas militares, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Declaración do valor.*

Autorízase o ministro de Defensa para establecer os feitos, servizos e circunstancias determinantes da declaración do valor, nas súas diferentes modalidades, dos membros das Forzas Armadas e a súa correspondente anotación na folla de servizos.»

**Disposición transitoria única.** *Retroactividade da norma.*

O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos, cada un no ámbito das súas respectivas competencias, poderán iniciar de oficio os procedementos necesarios para a concesión de cruces do mérito militar, do mérito naval e do mérito aeronáutico, con distintivo amarelo, ao persoal que, como consecuencia das modificacións realizadas por este real decreto no artigo 41 do Regulamento xeral de recompensas militares, se fixese acredor da dita recompensa, sempre que os feitos que dean lugar á súa concesión se producisen despois da entrada en vigor do Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE